



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Telef.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

concello@ponteceso.gal  
ponteceso.gal

CIF: P1506900H

REL: 01150682

REL.G: MU 2000/15

### PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXIRÁN O SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO COMPACTADOR DE RSU MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN, FACTOR PREZO

#### CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación

O obxecto do contrato é o subministro dun vehículo compactador de RSU para o servizo de recollida de lixo deste Concello, conforme ás características técnicas que se describen no prego de cláusulas técnicas.

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de subministro, tal e como establece o artigo 9 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

#### CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de Selección e Adxudicación

A forma de adxudicación do contrato de subministro dun vehículo compactador de RSU será o procedemento aberto, único criterio, factor prezo, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 138.2 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa atenderase ao factor prezo de conformidade do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e co establecido na cláusula novena do presente Prego.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

#### CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de contratante da plataforma de contratos da Xunta de Galicia ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte:

[www.ponteceso.gal](http://www.ponteceso.gal)

#### CLÁUSULA CUARTA. Prezo do Contrato e duración do contrato

O prezo do presente contrato ascende á contía de 149.075,63 euros. O prezo certo anterior queda desglosado nun valor estimado de 123.203,00 euros e no Imposto sobre o Valor Engadido de 25.872,63 euros, mellorable á baixa polos licitadores. Pagarase parte do prezo en especie co camión anterior, valorado en 10.000 €.

No prezo en que se contrata este subministro entenderanse comprendidos todos os gastos e, por tanto, o beneficio industrial, os impostos de toda índole que graven a realización do mesmo, os gastos

financeiros e, en especial, o Imposto sobre o Valor Engadido, de acordo co seu normativa reguladora, así como especificamente todos os gastos derivados de matriculación, transporte e entrega.

O prezo aboarase con cargo á partida correspondente do vixente Orzamento Municipal; existindo crédito suficiente ata o importe aprobado polo Concello para facer fronte ás obrigas do presente contrato.

O contrato estará vixente ata a finalización do período de garantía ofertada polo adxudicatario.

#### **CLÁUSULA QUINTA. Acreditación da Aptitude para Contratar**

Poderán concorrer por si ou por medio de representantes as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non se achen comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 54 e 60 do TR.LCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica.

1. A **capacidade de obrar** dos empresarios acreditarase:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foran **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) A capacidade de obrar dos **empresarios non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os **demais empresarios estranxeiros**, co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba por parte dos empresarios da **non concorrencia de algunha das prohibicións de contratar**, poderá realizarse:

a) Mediante testemuña xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poda ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de **empresas de Estados membros da Unión Europea** e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**:

3.1 A **solvencia económica e financeira** do empresario poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

concello@ponteceso.gal  
ponteceso.gal

CIF: P1506900H

REL: 01150682

RELG: MU 2000/15

- a) Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, por importe igual ou superior a 75.020,00 €.
- b) Nos casos en que resulte apropiado, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais por importe igual ou superior 75.020,00 €.
- c) Patrimonio neto, ou ben ratio entre activos e pasivos, ao peche do último exercicio económico para o que esté vencida a obriga de aprobación de contas anuais por importe igual ou superior a 75.020,00 €.

3.2. Nos contratos de subministro, a **solvencia técnica** dos empresarios se acreditará por un ou varios dos seguintes medios:

a) Relación dos principais subministros efectuados durante os cinco últimos anos, indicando o seu importe, datas e destinatario público ou privado dos mesmos. Os subministros efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público ou cando o destinatario sexa un comprador privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.

b) Indicación do persoal técnico ou unidades técnicas, integradas ou non na empresa, dos que se dispoña para a execución do contrato, especialmente os encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas para garantir a calidade dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, no seu nome, por un organismo oficial competente do Estado no cal o empresario está establecido, sempre que medie acordo de dito organismo, cando os produtos a subministrar sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. Este control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, se cómpre, sobre os medios de estudo e investigación con que conta, así como sobre as medidas empregadas para controlar a calidade.

e) Mostras, descricións e fotografías dos produtos a subministrar, cuxa autenticidade poda certificarse a petición da entidade do sector público contratante.

f) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas.

Nos contratos de subministro que requiran obras de colocación ou instalación, a prestación de servizos ou a execución de obras, a capacidade dos operadores económicos para prestar ditos servizos ou executar dita instalación ou obras poderá avaliarse tendo en conta especialmente os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade.

No anuncio de licitación ou invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato se especificarán os medios, de entre os recollidos neste artigo, admitidos para a acreditación da solvencia técnica dos empresarios que opten á adxudicación do contrato, con indicación expresa, no seu caso, dos valores mínimos esixidos para cada un deles e, no seu caso, das normas ou especificacións

técnicas respecto das que se acreditará a conformidade dos produtos. No seu defecto, a acreditación da solvencia técnica efectuarase segundo o disposto a tales efectos no apartado 1 do artigo 65 da Lei.

#### CLÁUSULA SEXTA. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa

As ofertas se presentarán no Concello, Casa Consistorial de Ponteceso, Rúa do Concello, nº18, CP 15110 Ponteceso, A Coruña, en horario de atención ao público, dentro do prazo de 15 días contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Perfil do contratante.

As proposicións poderán presentarse, por correo, por telefax, ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número de expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

Sen a concorrencia de ambos requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, transcorridos dez días seguintes a esa data sen que se recibira a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional decimo sexta do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición e tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si o fixera individualmente ou figurara en mais dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As proposicións para tomar parte na licitación se presentarán en tres sobres pechados, asinados polo licitador e con indicación do domicilio a efectos de notificacións, teléfono e fax, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «**Proposición para licitar á contratación do subministro dun vehículo compactador de RSU**».

A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre «A»: Documentación Administrativa.
- Sobre «B»: Proposición Económica.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.





## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

concello@ponteceso.gal  
ponteceso.gal

CIF: P1506900H

REL: 01150682

RELC: MU 2000/15

Dentro de cada sobre, se incluírán os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

### SOBRE «A» DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

Incluírase no sobre a seguinte documentación:

1) Conforme ao establecido no art. 146.4 do TRLCSP substituírase a seguinte documentación por unha **declaración responsable do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, no modelo do Anexo I**. Só o licitador a cuxo favor recaia a proposta de adxudicación deberá acreditar ante o órgano de contratación, previamente á adxudicación do contrato, a posesión e validez dos seguintes documentos:

#### **A) Documento acreditativo da personalidade xurídica do empresario**

A-1) Empresario individual: Fotocopia do N.I.F., Pasaporte ou documento que o substitúa.

A-2) Persoas xurídicas: Escritura de Constitución ou Modificación no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme a lexislación Mercantil que lle sexa aplicable.

Si non o for: Escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro Oficial.

- Fotocopia do Cartón de Código de Identificación Fiscal (C.I.F.), debidamente compulsada.

A-3) Empresas comunitarias.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

A.4) Empresas non españolas de estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo (Islandia, Liechtenstein e Noruega).

A capacidade de obrar destas empresas acreditarase mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación (Disposición Adicional 14 TR.LCSP).

A-5) Empresas non comunitarias.

1.- Os empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2.- Informe de reciprocidade: As persoas físicas ou xurídicas de estados non pertencentes á Unión Europea deberán xustificar mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente Española, na que se faga constar que o Estado de procedencia da empresa admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración en forma substancialmente análoga.

Nos contratos suxeitos a regulación harmonizada prescindirase do informe sobre reciprocidade en relación coas Empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial de Comercio.

A-6) Disposición común a empresas estranxeiras (comunitarias ou non comunitarias): declaración de sometemento á xurisdición de tribunais e xulgados españois.

As empresas estranxeiras deberán presentar unha declaración de sometemento á xurisdición dos Tribunais e Xulgados españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou

indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitante (art. 146.1.e do TR.LCSP).

**B) Empresas estranxeiras non comunitarias: sucursal en España.**

Documento acreditativo de que a Empresa ten aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou de representantes para as súas operacións e que estea inscrita no Rexistro Mercantil. (art. 55 do TR.LCSP).

**C) Poderes:**

Cando o licitador non actúe en nome propio ou se trate de Sociedade ou persoa Xurídica, deberá acompañarse poder notarial para representar á Persoa ou Entidade en cuxo nome concorre ante a Administración contratante.

O poder deberá figurar inscrito previamente no Rexistro Mercantil nos casos en que dita inscrición sexa esixida polo Regulamento do Rexistro Mercantil

**D) Prohibicións para contratar ou incompatibilidades:**

Declaración responsable de que a Empresa interesada non se acha incurso en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas no artigo 146.1.c e 60 do TR.LCSP, axustado ao seguinte modelo:

D.

Con DNI

e domicilio en

provincia de

rúa nº

en nome propio ou en representación da empresa

á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título:

Declara que nin a empresa nin os seus administradores ou órganos de dirección están incurso en prohibicións de contratar coa Administración establecidas no art. 60 e 146.1.c do TR.LCSP

Así mesmo declara que se acha ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

(Lugar, data e firma do proponente)

**E) Acreditación de solvencia económica e financeira e solvencia técnica conforme ao sinalado na cláusula quinta.**

**F) Unións temporais de empresas.**

Indicación dos nomes e circunstancias das empresas que a constitúen, participación de cada unha delas e compromiso de constituírse formalmente en UTE caso de resultar adxudicatarias, de conformidade co artigo 59 do TR.LCSP e cláusula 8 do presente Prego.

**G) Declaración de empresas vinculadas.**

No caso de que a empresa concorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, nos termos a que se refire o art. 145 do TR.LCSP, presentarase necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que concorran á licitación.

**H) Índice de documentos que integran o sobre.**



# CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELC: MU 2000/15

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

## 2) Autorización para a cesión de información relativa a obrigacións tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedementos de contratación.

Axustarase ao seguinte modelo:

D/Dª ..... con residencia ..... provincia de ..... rúa ..... nº ..... segundo DNI nº ..... en nome propio ou da empresa ..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: .....

Autoriza á administración contratante a solicitar a cesión da información por medios informáticos ou telemáticos, sobre a circunstancia de estar ou non ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado e da Seguridade Social para os efectos do procedemento de contratación do expediente anteriormente indicado, de acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal, Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas e a Lei do imposto de sociedades e outras normas tributarias e da Seguridade Social e demais disposicións de aplicación, sempre que o órgano de contratación o estime oportuno.

(Lugar, data e firma do proponente)

## 3) Porcentaxe de subcontratación

Porcentaxe sobre o prezo de adxudicación do contrato que teñan previsto subcontratar, dentro da porcentaxe máxima establecido na epígrafe 12 do cadro de características do contrato sinalando o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia técnica dos subcontratistas aos que se vaia encomendar a súa realización (art. 227.2.a TRLCSP) e axustado ao modelo que se indica no presente apartado. No entanto, de acordo co establecido na cláusula 35.B do presente prego, requirirá autorización previa da administración. No caso de que non se indique no cadro de características, a porcentaxe máxima será a establecida no artigo 227.2.e do TRLCSP.

### MODELO DE DECLARACION DE PORCENTAXE DE SUBCONTRATACIÓN

### MODELO DE DECLARACION DE PORCENTAXE DE SUBCONTRATACIÓN

D./Dª ..... con DNI ..... e domicilio en ..... provincia de ..... rúa ..... nº .....

en nome propio ou en representación da empresa ..... á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de execución da obra

- Título: .....

Declara que a porcentaxe de subcontratación para esta obra a prezos ofertados será o seguinte:

..... % \*

e que se descompón nas seguintes unidades:

UNIDADE DE OBRA	PORCENTAXE QUE SE HA SUBCONTRATAR
-----------------	-----------------------------------

	PREZOS DA OFERTA (EXPRESADO EN %)*
TOTAL QUE SE HA SUBCONTRATAR EXPRESADO EN %* SOBRE O IMPORTE TOTAL ADXUDICACION.....	

(Lugar, data e firma do proponente)

**\*indicar só o % , non o importe**

As ofertas que non indiquen a porcentaxe de subcontratación, que excedan do máximo establecido no cadro de características ou que inclúan o importe da subcontratación expresado en euros serán excluídas.

**4) Dirección de correo electrónico e/ou fax do licitador para os efectos de comunicacións**

Axustarase ao seguinte modelo:

D. D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con residencia \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_ n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_ con NIF n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_ en nome propio ou en nome e representación da empresa \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_ n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de  
(Título: ...)

Autorízase para que as comunicacións relacionadas co citado contrato se efectúen en calquera das seguintes formas:

- a. Fax: \_\_\_\_\_
- b. Correo electrónico: \_\_\_\_\_

(Lugar, data e firma do proponente)

**5) Certificado, no seu caso, sobre traballadores con discapacidade**

Para os efectos dispostos na cláusula sobre criterios de desempate presentárase unha declaración axustada ao seguinte modelo:

D. /D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con residencia \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_ n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_ con NIF n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_ en nome propio ou en nome e representación da empresa \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_ n<sup>o</sup> \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de  
(Título: ...)

Certifica:

1<sup>o</sup>) Que o número global de traballadores de persoal é de \_\_\_\_\_, sendo o número particular de traballadores con discapacidade en persoal de \_\_\_\_\_, o que representa un \_\_\_\_\_ % (superior ao 2%)





## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Telef.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

concello@ponteceso.gal  
ponteceso.gal

CIF: P1506900H

REL: 01150682

RELC: MU 2000/15

2º) Que a porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no persoal é do \_\_\_\_\_ %  
(Lugar, data e firma do proponente)

### 6) Compromiso de contratar traballadores/as desempregados/as

De conformidade co establecido no art. 118 do TRLCSP establécese como condición especial de execución de contrato, a condición de que se indique así no cadro de características do contrato e ao obxecto de combater o paro e promover o emprego, que o adxudicatario do contrato adscriba persoal inscrito nos servizos públicos de emprego ou equivalente no número que se indica na epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego)

Para os devanditos efectos deberá presentar o seguinte modelo:

D./D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ con residencia \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_ n.º \_\_\_\_\_ con NIF n.º \_\_\_\_\_ en nome propio ou en nome e representación da empresa \_\_\_\_\_ con NIF \_\_\_\_\_ e domicilio en \_\_\_\_\_ provincia de \_\_\_\_\_ rúa \_\_\_\_\_ n.º \_\_\_\_\_ teléfono \_\_\_\_\_ á que representa no procedemento de adxudicación do contrato de

(Título: ...)

Comprométese a contratar para adscribir durante todo o prazo de execución do presente contrato a \_\_\_\_\_ traballadores de conformidade coa epígrafe 13 do cadro de características (anexo I do presente prego)

(Lugar, data e firma do proponente)

### 7) Índice de documentos que integran o sobre.

Farase constar, dentro do sobre e na primeira páxina, en folla independente, un índice dos documentos que o integran, enunciado numericamente.

## SOBRE «B» PROPOSICIÓN ECONÓMICA

Se presentará conforme ao seguinte modelo:

«D. \_\_\_\_\_, con domicilio a efectos de notificacións en \_\_\_\_\_, c/ \_\_\_\_\_, n.º \_\_\_\_\_, con DNI n.º \_\_\_\_\_, en representación da Entidade \_\_\_\_\_, con CIF n.º \_\_\_\_\_, decatado do expediente para a contratación do subministro dun vehículo compactador de RSU por procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa, anunciado no Boletín Oficial da Provincia n.º \_\_\_\_\_, de data \_\_\_\_\_ e no Perfil do contratante, fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato e o acepto integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de \_\_\_\_\_ euros e \_\_\_\_\_ euros correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

Sinatura do licitador,

Asdo.: \_\_\_\_\_».

#### CLÁUSULA SÉTIMA. Garantía Provisional

Non se esixe.

#### CLÁUSULA OITAVA. Criterios de Adjudicación

O órgano de contratación efectuará a adjudicación á oferta económica máis vantaxosa con arranxo aos seguintes criterios:

Criterios obxectivos: ata 50 puntos

1. Redución de prezo: ata 50 puntos.

Outorgarase a máxima puntuación á proposición máis económica segundo modelo anexo. O resto de ofertas valoraranse de forma proporcional mediante regra de tres. Sexa para a valoración da oferta principal ou da variante, a fórmula a aplicar será a seguinte:

$$P0 = (I0 \times 50) / I1$$

Sendo:

P0 os puntos a outorgar á proposición en estudo.

I0 o importe da proposición máis económica.

50 o número máximo de puntos a outorgar por este concepto.

I1 o importe da proposición en estudo.

En canto ás baixas temerarias se estará ao disposto no Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e art. 85 do RGLCAP.

En concreto:

#### **1.- Ofertas con valores anormais ou desproporcionados.**

**1.1.-** Cando o órgano de Contratación presuma fundamentamente que a proposición non se pode cumprir como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia aos licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de cinco días xustifiquen as ditas ofertas, acompañando a documentación a que se refire o apartado 1.3 da presente cláusula. A xustificación realizada polos licitadores remitirase para informe dos Servizos Técnicos co fin de que emitan o correspondente informe.



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Telef.: 981 714 000

Fax: 981 715 028

concello@ponteceso.gal  
ponteceso.gal

CIF: P1506900H

REL: 01150682

RELG: MU 2000/15

**1.2.-** Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas que estean nos seguintes supostos:

- Número de ofertas: 1. A oferta é con valores anormais ou desproporcionados se é inferior ao prezo de licitación en máis dun 16,67% o que equivale a dicir que a súa baixa porcentual é superior a 16,67%

- Número de ofertas: 2. Unha das ofertas resulta con valores anormais ou desproporcionados se é inferior a outra en máis dun 13,33%

- Número de ofertas: 3. Serán ofertas con valores anormais ou desproporcionados aquelas que sexan inferiores á media aritmética das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. Con todo, excluírase para o cómputo da media, a oferta máis elevada, cando sexa superior á media de todas en máis dun 6,67% desta. En calquera caso, consideraranse ofertas con valores anormais ou desproporcionados todas aquelas con baixas porcentuais superiores a 16,67 %.

- Número de ofertas: 4 ou máis. Consideraranse con valores anormais ou desproporcionados aquelas ofertas que sexan inferiores á media das ofertas presentadas en máis dun 6,67% da dita media. No entanto, se entre elas existen ofertas que sexan superiores a esa media en máis dun 6,67% desta, calcularase unha nova media só coas ofertas que non estean no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

**1.3.** Serán criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta:

- Xustificación dos prezos ofertados
- Relación entre custos laborais fixos e volume de obra contratada
- Calquera outra que considere a mesa de contratación.

### **Documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta.**

A documentación que se ha achegar para apreciar ou non o carácter desproporcionado ou anormal da oferta presentarase en papel ou en CD (formato dixital PDF con firma electrónica).

Os licitadores con ofertas inicialmente con valores anormais ou desproporcionados, dentro do prazo concedido para o efecto deberán presentar a seguinte documentación:

#### 1. Xustificación de prezos ofertados:

##### A. Materiais

##### A.1 Compra

- Carta de compromiso dos provedores
- Prezos detallados

##### A.2 Medios propios e/ou materiais de produción propia (por disposición en almacén ou similares)

- Relación detallada dos medios propios con indicación do seu custo individualizado ou prezo de venda ao público

## B. Maquinaria

### B.1 Aluguer e/ou contratación

- Relación da maquinaria con indicación detallada dos prezos

### B.2 Medios propios

- Relación detallada da maquinaria

### **Criterios de desempate**

No caso de que, aplicando os criterios de valoración, dúas ou máis empresas empaten na maior puntuación terá preferencia na adxudicación aquela empresa que teña no seu persoal maior número de traballadores con discapacidade (superior ao 2%) de conformidade co establecido na Disposición adicional 4ª do TRLCSP, e acordo do Pleno da Deputación do 25 de febreiro de 2000 (BOP núm. 63 do 17 de marzo de 2000).

Se varias empresas licitadoras das que empataran canto á proposición máis vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por 100, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu persoal.

Para estes efectos deberán presentar a documentación esixida no sobre A.

**ACLARACIÓN:** Só se admitirán baixas sobre el precio de licitación. Cualquier oferta que propongan los licitadores de aumento en el valor residual del camión existente en el ayuntamiento, no se tendrá en cuenta como baja en la licitación

### **CLÁUSULA NOVENA. Mesa de Contratación**

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vocais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, así como aqueles outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

Conforman a Mesa de contratación:

- Presidente: Alcalde ou Concelleiro en quen delegue.
- Vogais: 3 Concelleiros do equipo de goberno.
  - 1 Concelleiro do grupo da oposición.
  - O Secretario da Corporación
  - O Interventor Municipal
  - O arquitecto técnico municipal

Secretario:

- Un funcionario Municipal



### **CLÁUSULA DÉCIMA. Prerrogativas da Administración**

O órgano de contratación, de conformidade co Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ostenta as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos deste.

### **CLÁUSULA UNDÉCIMA. Apertura de Proposicións e Adjudicación**

A apertura das proposicións deberá efectuarse no prazo máximo dun mes contado dende a data de finalización do prazo para presentar as ofertas.

A Mesa de Contratación se constituirá o terceiro día hábil tras a finalización do prazo de presentación das proposicións, ás 11:00 horas. Cualificará a documentación administrativa contida nos sobres «A».

A Mesa poderá conceder, si o estima conveniente, un prazo non superior a tres días para que o licitador corrixa os defectos ou omisións subsanables observados na documentación presentada.

Posteriormente, procederá, en acto público, á apertura e exame do sobre «B», podendo, nese momento, solicitar os informes técnicos considere precisos.

E posteriormente realizará a correspondente proposta de adjudicación ao órgano de contratación.

O órgano de contratación deberá adjudicar o contrato no prazo máximo de dous meses dende a realización da proposta, senón os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición.

A proposta de adjudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Administración. Non obstante, cando o órgano de contratación non adjudique o contrato de acordo coa proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

Unha vez formulada a proposta de adjudicación pola Mesa de Contratación requirirase ao licitador que presentase a oferta máis vantaxosa para que dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente:

a) A documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias e da Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso.

b) Constituír a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adjudicación, excluído o imposto sobre o Valor Engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 96 TR.LCSP.

A Administración poderá rexeitar a admisión de avais e seguros de caución provenientes de entidades, que se atopen en situación de moura fronte á Administración contratante como consecuencia da falta



de pagamento de obrigacións derivadas da incautación de anteriores avais ou seguros de caución, e que mantiveren impagados os importes correspondentes a avais ou seguros de caución xa executados 30 días naturais despois de haberse recibido na entidade o primeiro requirimento de pago. Para estes efectos o contratista antes de constituír o aval ou o seguro de caución deberá informar á entidade avalista ou aseguradora do disposto nesta cláusula, sen que poida alegar en consecuencia descoñecemento no caso de que o aval ou seguro for rexeitado pola Administración.

c) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometéu a dedicar ou adscribir á execución do contrato.

d) A documentación establecida na cláusula sexta dos pregos, sobre A.

De non cubrirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que queden clasificadas as ofertas.

Todo iso sen prexuízo do sinalado no art. 60.2.d e 61.2.e do TR.LCSP.

O órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro do cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

A adxudicación notificarase aos licitadores e simultaneamente publicarase no perfil de contratante.

#### **CLÁUSULA DUODÉCIMA. Garantía Definitiva**

Os que resulten adxudicatarios provisionais dos contratos deberán constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.

Esta garantía poderá prestarse en algunha das seguintes formas:

a) En efectivo ou en valores de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenrolo desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes ante as que deban xurdir efectos, na forma e con as condicións que as normas de desenrolo desta Lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenrolo desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenrolo desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se producira o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato.



### **CLÁUSULA DECIMO TERCEIRA. Formalización del Contrato**

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro dos dez días hábiles seguintes a contar dende a data da notificación da adxudicación; constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Cando por causas imputables ao contratista non puidera formalizarse o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a resolución do mesmo, así como a incautación da garantía provisional que no seu caso se constituíra.

### **CLÁUSULA DECIMO CUARTA. Cumprimento do contrato**

O prazo para a entrega do subministro será de 1 mes, a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación da adxudicación.

O subministro entregarase no Parque de Maquinaria do Concello de Ponteceso no prazo establecido, sendo de conta do adxudicatario os gastos de transporte, instalación e entrega, dado que o seu importe está incluído no prezo. Do vehículo subministrado elevarase a correspondente acta de recepción e entrega, da que se dará traslado ó Servizo correspondente para a súa inscrición no Inventario de Bens.

Cando o subministro non se atope en condicións de ser recibido, farase constar expresamente na acta, dándose instrucións ao contratista para que proceda a un novo subministro. Cando a subsanación non se realice, será obxecto de resolución do contrato por parte da Administración .

O adxudicatario deberá entregar ao Concello dúas copias en papel e unha en formato dixital de:

- Manual do usuario e manexo
- Libro de despece completo.
- Libro de mantemento, coas atencións que o tractor e anexo debe recibir en función dos anos ou da kilometraxa percorrida.

Entregarase ademais toda a documentación necesaria da matriculación do equipo: Ficha técnica do fabricante e certificados de conformidade europeos.

Con cada envío de repostos e/ou cada vez que se preste asistencia técnica ao equipo deberase entregar albarán valorado ao Concello.

### **CLÁUSULA DECIMO QUINTA. Dereitos e Obrigas do Adxudicatario**

Ademais das impostas pola normativa vixente e as obrigas xerais derivadas do réxime xurídico do presente contrato, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

- Ao amparo do artigo 118 do TRLCSP, e en atención á natureza do contrato, imponse condición especial de execución de que o adxudicatario **deberá dispoñer dun Servizo Técnico**

**Oficial da marca ofertada nun área dun máximo de 50 km de Ponteceso, capaz de prestar o debido mantemento correctivo e preventivo ao vehículo durante toda a vida útil do equipo.**

- Cumprir co programa de formación para o persoal do Concello.
- Cumprir co prazo e coberturas da garantía.
- Entregar, xunto co vehículo, toda a documentación esixida no prego técnico.
- Cumprir cos 10 Principios do Pacto Mundial das Nacións Unidas en materia de dereitos humanos, traballo e medio ambiente.
- O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para elo.
- O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no TRLCSP para os supostos de subcontratación.
- A Administración ten a facultade de inspeccionar e de ser informada do proceso de fabricación ou elaboración do produto que deba ser entregado como consecuencia do contrato, podendo ordenar ou realizar por si mesma análises, ensaios e probas dos materiais que se vaian a empregar, establecer sistemas de control de calidade e ditar cantas disposicións estime oportunas para o estrito cumprimento do convido.
- O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración, salvo que esta incorrera en mora ao recibilos.
- O empresario asumirá durante o prazo de vixencia do contrato a obriga do mantemento do obxecto do mesmo.
- Gastos esixibles ao contratista. Son de conta do contratista, os gastos e impostos do anuncio ou anuncios así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

#### **CLÁUSULA DECIMO SEXTA. Revisión de Prezos**

Non cabe a revisión de prezos neste contrato.

#### **CLÁUSULA DECIMO SÉTIMA. Prazo de Garantía**

Se establece un prazo de garantía de 1 ano a contar dende a data de recepción do ben por parte da Administración, si durante o mesmo se acredita a existencia de vicios ou defectos no subministro, a Administración terá dereito a reclamar a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación dos mesmos se fose suficiente.

Si a Administración estimase, durante o prazo de garantía, que os bens non son aptos para o fin pretendido como consecuencia dos vicios ou defectos observados e imputables ao empresario, e exista



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU 2000/15

a presunción de que a reposición ou reparación de ditos bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá antes de expirar dito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obriga de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Rematado o prazo de garantía sen que a Administración formalizase algún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os apartados anteriores, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados.

As características das garantías obrigatorias son as establecidas na cláusula oitava destes pregos, sen prexuízo de que os prazos resulten ampliados na realización de ofertas polos licitadores.

### CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Execución del Contrato

O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo.

A facturación realizarase unha vez recibido oficial e satisfactoriamente o subministro obxecto do contrato.

### CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Penalidades por Incumplimento

#### PENALIZACIÓNS POR INCUMPRIMENTO DE PRAZOS

Cando o adxudicatario, por causas imputables a el mesmo, incorrera en demora respecto ao cumprimento dos prazos comprometidos aplicaranse as penalizacións establecidas neste apartado.

As penalizacións establecidas poderán detraerse de calquera das facturas emitidas polo adxudicatario ou con cargo á garantía constituída por este a favor do Concello. Neste caso, o adxudicatario verase obrigado a restituír o importe da garantía detraído nun prazo máximo dun mes.

#### **Por demora no prazo establecido para a entrega do vehículo.**

O Concello poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das seguintes penalizacións:

- Unha semana de retraso 1 % sobre o importe pendente.
- Dúas semanas de retraso 2 % sobre o importe pendente.
- Tres semanas de retraso 3 % sobre o importe pendente.
- Catro semanas de retraso 4 % sobre o importe pendente.

As porcentaxes anteriores son acumulativas.

A partir da cuarta semana, o Concello poderá, unilateralmente, resolver o contrato e proceder á incautación da garantía.

#### **Por demora nos prazos establecidos para a entrega de repostos ou prestación de asistencia técnica.**

Aplicaranse as seguintes penalizacións con carácter acumulativo:

- Ata dous días laborables de retraso 1 % sobre o custo do subministro ou servizo
- Entre tres e cinco días laborables de retraso 2 % sobre o custe do subministro ou servizo
- Entre seis e dez días laborables de retraso 3 % sobre o custo do subministro ou servizo.

Dentro do período de garantía do equipo, a partir do décimo día de retraso o adxudicatario poñerá a disposición do Concello un equipo de substitución de similares características ou ben pagará ao Concello 50 € por cada día en que o equipo estivera fóra de servizo.

As penalidades se imporán por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato si se designase, que será inmediatamente executivo.

#### CLÁUSULA VIXÉSIMA. Resolución do Contrato

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan neste Prego e nos fixados no TRLCSP e se acordará polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista.

Cando o contrato se resolva por culpa do contratista, se incautará a garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e prexuízos orixinados á Administración, no que excedan do importe da garantía.

#### CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Réxime Xurídico do Contrato

A orde xurisdicional civil será o competente para resolver las controversias que xurdan entre as partes en relación cos efectos, cumprimento e extinción dos contratos privados. Este orde xurisdicional será igualmente competente para coñecer de cantas cuestións litixiosas afecten á preparación e adxudicación.



Ponteceso, 10 de maio de 2017.  
O Alcalde,

José Lois García Carballido.





# CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello,18 - 15110 PONTECESO (A Coruña)

Teléf.: 981 714 000  
Fax: 981 715 028  
concello@ponteceso.gal  
ponteceso.gal  
CIF: P1506900H  
REL: 01150682  
RELG: MU 2000/15

## ANEXO I: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (SOBRE A)

O OFERTANTE don/doña..... en  
representación da firma

... con CIF....., domicilio a efectos de notificacións en

..... co teléfono .....  
e mail de contacto .....

de conformidade co establecido no art. 54 do Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público; realiza a seguinte DECLARACIÓN RESPONSABLE, para facer constar que:

Que nin o asinante da declaración, nin a persoa física/xurídica á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, están incurso en circunstancia algunha das que prohíben contratar coa Administración.

Que a persoa física/xurídica á que represento atópase ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

O OFERTANTE AUTORIZA ao Concello de Ponteceso a comprobar a veracidade da declaración responsable realizando as consultas oportunas ante os organismos competentes ao obxecto de verificalos.

O OFERTANTE DECLARA estar en posesión da documentación esixida na cláusula 5.1 do presente prego e se compromete a presentala a requirimento do Concello en caso de resultar proposto como adxudicatario do contrato.

E para que así conste e xurda os efectos oportunos, expido e asino a presente.

En ....., a ..... de ..... de .....

(Selo e sinatura do propoñente)

